



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto de colocación dunha placa conmemorativa no pazo de Xelmírez, primeira sede do Parlamento de Galicia

Pazo de Xelmírez, 16 de decembro de 2011
11.00h

Arcebispo de Santiago de Compostela,
Ex presidente do Parlamento de Galicia,
Membros da Mesa e portavoces do Parlamento de Galicia,
Ex deputados do Parlamento de Galicia,
Señoras e señores:

A memoria é feble, e moi especialmente en ausencia de elementos sustentadores dos feitos que cómpre recordar. Esta foi unha das razóns que, meses atrás, nos levou a solicitar do señor arcebispo de Santiago de Compostela a autorización pertinente para a colocación da placa que acabamos de descubrir.

Unha placa coa que queremos recordar que este salón principal do pazo de Xelmírez foi, durante pouco máis de seis meses, a primeira sede provisional do Parlamento de Galicia, constituído aquí mesmo o día 19 de decembro de 1981.

Trinta anos despois, acudimos a esta sé episcopal para dicir grazas: grazas pola hospitalidade que a



Igrexa compostelá lle brindou ao Parlamento de Galicia neses momentos iniciais e cruciais, nos que non todos confiaban no éxito da senda autonómica que a nosa Comunidade se dispoñía a percorrer, dando así cumprimento ás arelas de autogoberno longamente agardadas polos nosos devanceiros.

Hoxe, e malia vivirmos nunha época de constantes desafíos en todos os ámbitos, coido que podemos afirmar que a aventura autonómica iniciada neste lugar se converteu nun feito real que camiña, consolidado, con paso decidido.

Aquela Galicia universal, á que, ben seguro, xa aspiraba nove séculos atrás o arcebispo don Diego Xelmírez, está hoxe máis preto dos seus obxectivos.

E se as metas foron alcanzadas é, en gran medida, como consecuencia do compromiso e do traballo de persoas como as que hoxe nos acompañan, deputados que formaron parte da primeira lexislatura do Parlamento de Galicia, á que prometeron ou xuraron servir nesta mesma sala nun momento nada doado da nosa historia contemporánea.

Uns e outros, máis aló das siglas nas que militaban, compartían, como compartimos hoxe os que tivemos a honra de sucedelos, valores universais forxados ao longo de séculos de evolución, particularmente nesta Europa nosa, peregrina a Compostela, como o



respecto ao próximo, a pluralidade, a igualdade de oportunidades ou a non discriminación.

Por iso, no mesmo lugar no que trinta anos atrás botou a andar o Parlamento de Galicia, reiteramos hoxe o noso compromiso inquebrantable con Galicia, e co obxectivo permanente de contribuír a edificar, cada día, unha sociedade aberta e plural que a todos acubille.

Que así sexa.

Moitas grazas.